

LISTAXE DE CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DA AGACAL

CFEA GUÍSAMO

Ciclo Formativo de Grao Medio en Xardinaría e Floraría (semipresencial)

Ciclo Formativo de Grao Superior en Paisaxismo e Medio Rural (semipresencial)

CFEA SERGUDE

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agropecuaria

Ciclo Formativo de Grao Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal

Ciclo Formativo de Grao Medio en Producción Agroecolóxica (adultos > 18 anos)

CFEA PEDRO MURIAS

Ciclo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural (FP Dual)

CFEA LOURIZÁN

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural

CFEA BECERREÁ

Ciclo Formativo de Grao Medio en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural

Ciclo Formativo de Grao Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural

CFEA MONFORTE

Cursos de Incorporación á empresa agraria e programa de formación continua a través da plataforma de teleformación

OFERTA FORMATIVA

CENTRO DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGROFORESTAL DE GUÍSAMO

CURSO 2021-2022

FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO: REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS

**NOVO PRAZO DE INSCRIPCIÓN
1-9 DE SETEMBRO**

O rural suma contigo

**CICLOS SEMIPRESENCIAIS EN RÉXIME MODULAR
POSIBILIDADE DE OBTENIR 2 TITULACIÓNS EN 3 ANOS**
(Xestión Forestal e do Medio Natural + Paisaxismo e Medio Rural)

Os centros de formación e experimentación agroforestal da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal) levan preto de 50 anos formando profesionais no sector agrario galego, o que permite ofrecer unha formación de calidade, eminentemente práctica e participativa.

Son numerosos os proxectos de colaboración con empresas, universidades e administracións públicas que permiten unha formación integral do noso alumnado.

A realización de viaxes colectivas e os programas ERASMUS+ enriquecen esta preparación a través do intercambio de experiencias e cultura.

O resultado: elevadas taxas de inserción laboral, con altos índices de autoemprego.

Os centros de formación e experimentación agroforestal da Agacal posibilitan ademais a obtención, en tan só 3 anos, de dúas titulacións de grao superior: XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL (2 anos en réxime presencial ordinario nos CFEA de Becerreá ou Lourizán) + PAISAXISMO E MEDIO RURAL (1 ano en réxime semipresencial, no CFEA de Guísamo). Grazas a isto terás unha formación máis completa e aumentarán as túas oportunidades profesionais.

Os ciclos impártense na modalidade de persoas adultas en réxime semipresencial (modular). Coñecida como b-learning, combina a formación presencial de carácter práctico con formación puramente en liña. A diferenza do réxime ordinario, o réxime de persoas adultas (>18 anos) permite realizar a matrícula por módulos soltos, de maneira que as persoas poden deseñar os seus itinerarios formativos (en 2+1, 3+1 e 4+1 anos)

MAGA03 - Xardinaría e floraría. 50 prazas. (Réxime semipresencial modular)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Formación e orientación laboral	107	Traballador/a de hortas, viveiros e xardíns.
	Fundamentos agronómicos	159	Xardineiro/a.
	Implantación de xardíns e zonas verdes	134	Traballador/a de parques urbanos e de xardíns históricos e botánicos.
	Infraestruturas e instalacións agrícolas	107	Traballador/a cualificado/a na instalación, mantemento e mellora de xardíns.
	Principios de sanidade vexetal	107	Viveirista.
2º	Producción de plantas e terróns de céspede en viveiro	186	Traballador/a cualificado/a en cultivo de plantas en viveiros.
	Taller e equipamentos de tracción	160	Florista.
	Composicións florais e con plantas	140	Oficial de floraría.
	Control fitosanitario	87	Vendedor/a de flores.
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
	Establecementos de floraría	87	
	Formación en centros de traballo	410	
	Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes	176	
	Técnicas de venda en xardinaría e floraría	87	

SAGA02 - Paisaxismo e medio rural. 50 prazas. (Réxime semipresencial modular)

Curso	Módulo Profesional	Horas	Saídas Profesionais
1º	Botánica agronómica	80	Técnico/a en xardinaría.
	Conservación de xardíns e céspedes deportivos	160	Deseñador/a de zonas axardinadas.
	Fitopatoloxía	107	Encargado/a da instalación, mantemento, conservación, xardíns e áreas recreativas
	Formación e orientación laboral	107	Encargado/a de empresa de cultivo de plantas en viveiros.
	Maquinaria e instalacións agroforestais	186	Traballador/a por conta propia en empresas de xardinaría e restauración da paisaxe.
2º	Topografía agraria	107	Xestor/a de produción agrícola (convencional e ecolóxica).
	Xestión e organización do viveiro	213	Responsable de almacén agrícola e de equipamentos.
	Deseño de xardíns e restauración da paisaxe	175	Encargado/a ou capataz agrícola de hortas, viveiros e xardíns.
	Empresa e iniciativa emprendedora	53	
	Formación en centros de traballo	384	
	Planificación de cultivos	193	
	Proxecto de paisaxismo e medio rural	26	
	Xestión de cultivos	209	

*Nota. Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo ofrece unha formación de gran calidade, cun alto contido práctico e personalizado. Os distintos módulos que constitúen os ciclos ofertados son impartidos por docentes altamente especializados e cun alto grao de motivación, pertencentes á rede intercentros da Agacal.

Cabe salientar a relación dinámica que o centro mantén co sector empresarial que lle atinxe tanto con empresas consolidadas na zona como coas persoas emprendedoras (unha boa parte delas tituladas do propio centro) que, ao longo do tempo, teñen constituído un verdadeiro tecido emprendedor e ocupan nichos laborais altamente especializados.

O centro localízase dentro do territorio da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, próximo á cidade da Coruña. A vocación residencial desta zona, mesmo con significativa presenza de paisaxes naturais de elevado valor ambiental, fan que a súa oferta formativa atope, nesta contorna, un medio propicio para o desenvolvemento profesional do seu alumnado.



Os ciclos de grao medio e superior levan aparelada a Formación en Centros de Traballo. O alumnado desempeña as actividades propias da súa profesión. Isto, indubidablemente, redunda nun alto grao de inserción laboral ademais de espertar o espírito emprendedor de quen o realiza.

DATOS DE CONTACTO

Lugar de Bos, 14-15640 Guísamo (A Coruña)

Tel.: 881 881 055

Correo-e: cfea.guisamo@edu.xunta.es

Web: <http://www.cfeaguisamo.org/>

